

# 1. IDENTIFICACIÓN

<b>TÍTULO DA TAREFA:</b>	“ <i>WORRY DOLLS</i> ”		
<b>ETAPA:</b>	Educación Primaria	<b>NIVEL:</b>	5º e 6º Educación Primaria
<b>ÁREAS:</b>	Educación Artística, Lingua estranxeira (Inglés), Proxecto Competencial, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais. Lingua galega e literatura	<b>PROFESORADO:</b>	Isabel Filgueiras

## DESCRIPCIÓN:

A tarefa consiste na creación dunhas bonecas quitapenas coas que nos achegamos ao folclore e a cultura de Guatemala e tamén á cultura mexicana a través do estudo da obra pictórica da artista Frida Kahlo que tomaremos como exemplo para realizar uns autorretratos nos que cada alumno/a reflexe as súas preocupacións e medos. Estas actividades que axudan ao desenvolvemento global do alumnado.

Ademais, traballamos o recoñecemento de diversas emocións, centrándonos no medo como fío condutor para elaborar a nosa creación e produto final.

Tamén axudamos á mellora nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, especialmente o ODS3 “Saúde e benestar” e o ODS4 “Educación de calidade”

WORRY DOLLS 



GOVERNAMENTO  
EDUCACIÓN  
DIGITAL  
N1 TUI

## XUSTIFICACIÓN:

Grazas a esta tarefa do ámbito Creavisual estamos contribuíndo ao desenvolvemento de diferentes competencias clave do currículo: á CCL pondo en práctica as diferentes destrezas lingüísticas durante os proceso creativo; á CP ao empregar diferentes linguas, neste caso a lingua galega e a lingua inglesa; a CD ao empregar diferentes dispositivos electrónicos e dixitais para a creación de propostas artísticas en diferentes formatos; á CPSAA favorecendo a reflexión, xestión do tempo, adaptación a cambios e circunstancias, así como a xestión de procesos metacognitivos; CC favorecendo o respecto cultura; á CE ao establecer un proceso de creación, recoñecendo necesidades, buscando solución, cooperando e valorando o proceso; CCEC ao recoñecer e respectar outras culturas diferentes ás nosas, manifestándoo no produto final.

Grazas a este desenvolvemento competencial, contribuímos ao logro dalgúns aspectos recollidos na finalidade da Educación Primaria, onde podemos destacar, sobre todo, a creatividade e o sentido artístico.

Ademais, contribúese ao tratamento e mellora de elementos transversais como: a igualdade entre mulleres e homes, prevención e resolución pacífica de conflitos, liberdade, paz, democracia, respecto polos dereitos humanos e rexeitamento de calquera tipo de violencia, así como a creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

#### CONTEXTO:

Aula Creavisual

2. CONCRECIÓN CURRICULAR			
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / OBXECTIVO	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	
<b>SESIÓN 1</b>			
<p>Círculo proactivo:  <i>`Can emotions and feelings be expressed through art?</i>            Exposición de ideas sobre que son as emocións e os sentimentos.            Pódense expresar emocións e sentimentos a través da arte?  <i>`What you afraid of?</i>            Expoñen en que momento sinten medo e que cousas lles preocupan.            É posible liberarnos dos medos?            Que poderíamos facer?  <i>`Worry Dolls'</i>            Bonecas quitapenas, que poden ser? Cal será o seu uso?</p>	<p>CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.</p>	OBX 3	RÚBRICA DE AVALIACIÓN
<p>Panel SCRUM            Exposición do traballo a realizar.            - Analizar imaxes artísticas.            - Elaborar dunha infografía.            - Coñecer a obra dunha artista: Frida Kahlo e asúa relación coas preocupacións.            - Realizar un autorretrato.            - Elaborar unha boneca</p>	<p>CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.</p>	OBX 1	LISTA DE CONTROL DE FRECUENCIAS

quitapenas.			
<p>Rutina de pensamento: see – think – wonder</p> <p>Por equipos: visionado de distintas obras de arte na entrada en google titulada: <i>'17 pinturas para trabajar con emociones y sentimientos'</i>.</p> <p>Pensan, comentan e pregúntanse como as imaxes se relacionan cos sentimentos e as emocións.</p> <p><i>'What do you feel?'</i> <i>'What can you feel?'</i></p>	<p>CA1.1. Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.</p>	<p>OBX 3</p>	<p>RÚBRICA DE AVALIACIÓN</p>
<p><i>Mesa redonda: estas obras de arte....'What feelings and emotions convey?'</i></p> <p>Exposición e comentario en gran grupo: que tipos de emocións e sentimentos descubriron que transmitían as imaxes? que elementos facilitaban esa observación? Sentimentos e emocións de</p>	<p>CA2.4. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas , incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas dúas linguas propias, de ser o caso.</p>	<p>OBX 1</p>	<p>RÚBRICA DE AVALIACIÓN</p>

alegría? tristeza? medo?			
Bubble map: <i>'What do you do when you are afraid of something?'</i> <i>'What about pain, concern, sadness, loneliness?'</i> <i>'In which pictures can you feel them?'</i> Observan e comentan con máis atención as imaxes que mostran tristeza, preocupación, angustia	CA2.5. Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares a que pertence.	OBX 2	LISTA DE COTEXO
Infografía: axuda para liberarnos das angustias e pesares. <i>'What can I do?'</i>  Cada equipo elabora unha infografía no programa CANVA na que reflexen ideas e estratexias para liberarnos das emocións negativas.	CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	OBX 4	RÚBRICA DE AVALIACIÓN
	CA2.6. Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	OBX 4	
	CA4.1. Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	OBX 3	

## SESIÓN 2

<p>Panel SCRUM.</p> <p>Obxectivo: Frida Kahlo. Pasos: coñecer a súa obra. Produto final: Autorretrato.</p>	<p>CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.</p>	<p>OBX 1</p>	<p>LISTA DE CONTROL DE FRECUENCIAS</p>
<p>Falamos de México. Que sabemos?</p>	<p>CA1.5. Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.</p>	<p>OBX 3</p>	<p>LISTA DE COTEXO</p>
<p>“<i>What’s happening?</i>”: Rutina de pensamento <i>see - think – ask</i> Observan un libro sobre unha artista. Expoñen a súa primeira impresión sobre ela e a súa obra.</p>	<p>CA2.8. Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.</p>	<p>OBX 10</p>	<p>RÚBRICA DE AVALIACIÓN</p>
<p>Obra de Frida Kahlo. Artista mexicana. Cada equipo busca información sobre Frida Kahlo. Vida e obra. O seu papel no movemento feminista e a súa implicación no movemento social. Faise unha exposición oral conxunta das pesquisas de cada</p>	<p>CA1.1. Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.</p>	<p>OBX 1</p>	<p>RÚBRICA DE AVALIACIÓN</p>
	<p>CA3.3. Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de</p>	<p>OBX 2</p>	

	acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.		
	<p>grupo coa finalidade de crear unha base sobre a que os alumnos poidan realizar o seu traballo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Autorretrato.</li> <li>- Natureza.</li> <li>- Mascotas.</li> <li>- Seres queridos.</li> </ul>	CA1.3. Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	OBX 2
<p><i>Think about you. What are your worries?</i></p> <p>Planifico o meu autorretrato no que me vou representar mostrándome como son, mostrando o que me gusta e o que me preocupa.</p>	CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	OBX 3	RÚBRICA DE AVALIACIÓN
<b>SESIÓN 3</b>			
<p>Panel SCRUM:</p> <p>Pasos elaboración autorretrato.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer a obra de Frida Kahlo.</li> <li>- Pensar en que elementos escollo que me representen. (Preocupacións, pesares, gustos e preferencias)</li> </ul>	CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	OBX 1	LISTA DE CONTROL DE FRECUENCIAS

<p>- Elaboro un boceto no que planifico o meu autorretrato(lápis e papel A4). <i>'Draw yourself and your worries. Write about that.'</i></p> <p>- Materiais do autorretrato: material reciclado (cartón), témpera (as tres cores básicas), pinceis.</p>			
<p><i>'This is me'.</i> Eu e os meus pesares. <i>'Selfportrait'</i></p> <p>Pasan a pintura sobre cartón o autorretrato previamente planificado no boceto.</p> <p>Seguindo a Frida Kahlo, no autorretrato incorporan, en inglés, unha breve descrición escrita do representado na obra artística.</p>	<p>CA2.1. Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades ex- presivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.</p>	<p>OBX 3</p>	<p>RÚBRICA DE AVALIACIÓN</p>
<p><b>SESIÓN 4</b></p>			
<p>Panel SCRUM</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer as bonecas quitapenas e a súa lenda.</li> <li>- Recoller materiais reciclados.</li> <li>- Elaborar un tecido nun tear.</li> <li>- Crear unha boneca quitapenas.</li> </ul>	<p>CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.</p>	<p>OBX 1</p>	<p>LISTA DE CONTROL DE FRECUENCIAS</p>



<p><i>Another art medium: weaving loom</i></p> <p>Realizar un tecido nun mini tear con un cartón e la de distintas cores. Tecidos artesanais primixenios.</p>	<p>CA2.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.</p>	<p>OBX 3</p>	<p>RÚBRICA DE AVALIACIÓN</p>
<p><i>Coñecer as bonecas quitapenas</i> <i>Worry Dolls</i></p> <p>Cada equipo busca información en internet sobre estas bonecas. Coñecen a lenda e o uso das bonecas na cultura de Guatemala. Expoñen a información. Deciden o modelo a seguir ou creación libre.</p>	<p>CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.</p>	<p>OBX 3</p>	<p>RÚBRICA DE AVALIACIÓN</p>
<p>Crean a súa propia boneca con materiais reciclados de distinta natureza e tamén engadindo o tecido feito por eles mesmos nun sinxelo tear.</p>	<p>CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos mostrando confianza nas capacidades propias.</p>	<p>OBX 3</p>	<p>RÚBRICA DE AVALIACIÓN</p>

### CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA

- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde una perspectiva de xénero.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación de intención comunicativa. Valoración desde una perspectiva de xénero.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.

- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadores e creadoras locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas dende unha perspectiva de xénero.
- Representación de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe (a aceptación do erro como oportunidade de mellora)
- Estratexias básicas para comprensión , a planificación e a produción de textos orais, e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global de textos e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.
- Interacción oral adecuada no uso das estratexias de cortesía lingüística.
- Participación activa en situacións de comunicación , espontáneas e dirixidas, valorando as normas que rexen a interacción oral e a empatía na escoita.
- Valoración das producións propias e as dos compañeiros e compañeiras.
- Procura eselección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
  
- Recursos dixitais básicos para as artes audiovisuais.
- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.
- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes: a discriminación positiva.
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Diseño, prototipo, proba e avaliación dun proxecto de deseño sinxelo que teña relevancia na súa contorna.

### 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
<b>SESIÓN 1</b>				
<p>Círculo proactivo: <i>“what are you afraid of?”</i> <i>Círculo proactivo:</i>  <i>‘Can emotions and feelings be expressed through art?’</i>                      Exposición de ideas sobre que son as emocións e os sentimentos.                      Pódense expresar emocións e sentimentos a través da arte?  <i>‘What you afraid of?’</i>                      Expoñen en que momento sinten medo e que cousas lles preocupan.                      É posible liberarnos dos medos?                      Que poderíamos facer?  <i>‘Worry Dolls’</i>  <i>Bonecas quitapenas, que poden ser? Cal será o seu uso?</i></p>	<p>Situados en círculo a mestra fai unha pregunta e presenta a pelota como obxecto facilitador da palabra. Soamente fala o que ten a pelota.</p>	<p>Tod@s os membros do círculo deben participar seguindo por orde e seguindo o sentido das agullas do reloxo.</p>		
<p>Panel SCRUM Exposición do traballo a realizar.                      - Analizar imaxes artísticas.                      - Elaborar dunha infografía.</p>	<p>Planificar en gran grupo os pasos do traballo diario no Panel SCRUM ao comezo da sesión.</p>	<p>Revisar en gran grupo os pasos do traballo diario e indicar no Panel SCRUM se os pasos están conseguidos, en proceso ou pendentos.</p>		

<p>- Coñecer a obra dunha artista: Frida Kahlo e asúa relación coas preocupacións.  - Realizar un autorretrato.  - Elaborar unha boneca quitapenas.</p>		<p>Anotar dificultades e as posibles modificacións.</p>		
<p>Rutina de pensamento: <i>see - think - ask</i>. Por equipos:  visionado de distintas obras de arte na entrada en google titulada: <i>'17 pinturas para trabaxar con emocións y sentimientos'</i>.  Pensan, comentan e pregúntanse como as imaxes se relacionan cos sentimentos e as emocións.   <i>'What do you feel?'</i>  <i>'What can you feel?'</i></p>	<p>Visualizamos en gran grupo as obras de arte con situación onde aparecen distintas emocións: que vemos?</p>	<p>Pensamos sobre o que pasa en pequeno grupo.</p>	<p>Preguntámonos en pequeno grupo por que se chegou a esa situación e anotamos as nosas reflexións.</p>	<p>Compartimos en gran grupo as observación de cada equipo.</p>
<p><i>Mesa redonda</i>  <i>'What feelings and emotions convey?'</i>  Exposición e comentario en gran grupo:  que tipos de emocións e sentimentos descubriron que transmitían as imaxes? que elementos facilitaban esa</p>	<p>Identificamos o nome das distintas emocións que nos transmiten as obras de arte, en inglés.</p>	<p>Expresamos e respectamos as ideas mostradas.</p>		

<p>observación? Sentimentos e emocións de alegría? tristeza? medo?</p>				
<p>Bubble map: <i>"What do you do when you are afraid of something?"</i>. Empregaremos a estrutura cooperativa folio xiratorio. <i>"What do you do when you are afraid of something?"</i> <i>"What about pain, concern, sadness, loneliness?"</i> <i>"In which pictures can you feel them?"</i> Observan e comentan con máis atención as imaxes que mostran tristeza, preocupación, angustia</p>	<p>Explicación en gran grupo da construción do mapa mental e os pasos para facelo.</p>	<p>En pequenos grupos de traballo completamos o mapa nunha plantilla en A3, compartindo e poñendo en común as diferentes ideas a través do folio xiratorio.</p>	<p>Compartimos en gran grupo as nosas aportacións.</p>	
<p>Infografía: axuda para librarnos das angustias e pesares. <i>"What can I do?"</i> Cada equipo elabora unha infografía no programa CANVA na que reflexen ideas e estratexias para librarnos das emocións negativas.</p>	<p>En pequeno grupo, cos seus ordenadores buscan información na rede. Elixen as opcións que mellor lles parecen para afrontarnos a os nosos medos e preocupacións.</p>	<p>Cada grupo usa CANVA e prepara unha infografía na que expresan os mellores consellos para liberarse das preocupacións.</p>		

**SESIÓN 2**

<p>Panel SCRUM          Obxectivo: Frida Kahlo.          Pasos: coñecer a súa obra.          Produto final: Autorretrato.</p>	<p>Planificar en gran grupo os pasos do traballo diario no Panel SCRUM ao comezo da sesión.</p>	<p>Revisar en gran grupo os pasos do traballo diario e indicar no Panel SCRUM se os pasos están conseguidos, en proceso ou pendentes.          Anotar dificultades e as posibles modificacións.</p>		
<p><i>Falamos de México. Que sabemos?</i>  <i>When I listen I feel...</i>: taller sensorial con música (rutina de pensamento color, símbolo, imaxe)</p>	<p>Escoitamos de forma individual diferentes músicas e sinalamos con que emoción a identificamos pintando uns emojis.</p>	<p>En pequeno grupo unimos todas as sensación que compartimos en cada canción e xuntamos as nosas percepcións.</p>	<p>Explicamos por que sentimos esas sensacións en gran grupo.</p>	
<p><i>"What's happening?"</i>:          Rutina de pensamento see - think - ask          Observan un libro sobre unha artista. Expoñen a súa primeira impresión sobre ela e a súa obra</p>	<p>En pequeno grupo presentamos diferentes situacións onde se perciben distintas emocións en varios personaxes.</p>	<p>En gran grupo mostramos as nosas apreciacións.</p>		
<p>Coñecemos a Frida Kahlo e a súa obra.          Artista mexicana.          Cada equipo busca información sobre Frida Kahlo. Vida e obra.          O seu papel no movemento feminista e a súa implicación no movemento social.          Faise unha exposición oral conxunta das pesquisas de cada grupo</p>	<p>Investigan, recollen datos. Quen é Frida Kahlo?</p>	<p>Lecturas sobre a vida e obra de Frida Kahlo en internet e libros da biblioteca do colexo.</p>	<p>En gran grupo, reflexionamos en como Frida mostra as súas obsesións, disgustos e preocupacións persoais e sociais. A música, os vestidos, os adornos...</p>	

<p>coa finalidade de crear unha base sobre a que os alumnos poidan realizar o seu traballo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Autorretrato.</li> <li>- Natureza.</li> <li>- Mascotas.</li> <li>- Seres queridos.</li> </ul>				
<p>Planifico o meu autorretrato no que me vou representar mostrándome como son, mostrando o que me gusta e o que me preocupa. Planifican o seu autorretrato. Boceto a lápis.</p>	<p>Reflexionamos sobre os nosos medos e preocupacións. Cada un prepara un boceto seguindo as ideas da artista mexicana.</p>			
<b>SESIÓN 3</b>				
<p>Panel SCRUM: pasos na elaboración dun autorretrato a cor. Pasos elaboración autorretrato.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer a obra de Frida Kahlo.</li> <li>- Pensar en que elementos escollo que me representen. (Preocupacións, pesares, gustos e preferencias)</li> <li>- Elaboro un boceto no que planifico o meu autorretrato (lápis e papel A4).</li> </ul>	<p>Planificar en gran grupo os pasos do traballo diario no Panel SCRUM ao comezo da sesión.</p>	<p>Explicación dos pasos a seguir para a elaboración do autorretrato e os materiais que precisamos: temperas (as tres cores primarias), material reciclado (cartón), pinceles.</p>		

<p><i>'Draw yourself and your worries. Write about that.'</i></p> <p>- Materiais do autorretrato: material reciclado (cartón), témpera (as tres cores básicas), pinceis.</p>				
<p><i>'This is me'.</i> Eu e os meus pesares. <i>'Selfportrait'</i></p> <p>Pasan a pintura sobre cartón o autorretrato previamente planificado no boceto.</p> <p>Seguindo a Frida Kahlo, no autorretrato incorporan, en inglés, unha breve descrición escrita do representado na obra artística. autorretrato, 'selfportrait'</p>	<p>Proceso creativo.</p>			
<b>SESIÓN 4</b>				
<p>Panel SCRUM- Coñecer as bonecas quitapenas e a súa lenda.</p> <p>- Recoller materiais reciclados.</p> <p>- Elaborar un tecido nun tear.</p>	<p>Planificar en gran grupo os pasos do traballo diario no Panel SCRUM ao comezo da sesión.</p>	<p>Revisar en gran grupo os pasos do traballo diario e indicar no Panel SCRUM se os pasos están conseguidos, en proceso ou pendentes.</p> <p>Anotar as dificultades e as posibles</p>		



- Crear unha boneca quitapenas.		modificacións.		
<i>`Another art medium: weaving loom`</i> Realizar un tecido nun mini tear con un cartón e la de distintas cores. Tecidos artesanais primixenios.	De forma colaborativa elaboran un tecido que se usará nunha boneca.			
Coñecemos as bonecas quitapenas. <i>`Worry Dolls`</i> Cada equipo busca información en internet sobre estas bonecas. Coñecen a lenda e o uso das bonecas na cultura de Guatemala. Expoñen a información. Deciden o modelo a seguir ou creación libre.	Cada equipo busca información sobre estas muñecas, a súa orixe, e a súa lenda.	Mesa redonda coa exposición e análise das características e uso das boecas quitapenas.		
Elaboración dunha boneca quitapenas individual e unha de traballo colaborativo. Crean a súa propia boneca con materiais reciclados de distinta natureza e tamén engadindo o tecido feito por eles mesmos nun sinxelo tear.	Elaboración persoal mostrando a creatividade e a habilidade manual.	Coa tea feita de forma colaborativa , vístese unha boneca de gran grupo.		

## 4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Círculo proactivo: <i>"what are you afraid of?"</i>	Aula creavisual	Gran grupo	Obxecto da palabra	10 min
Panel SCRUM	Aula creavisual	Gran grupo e equipos base	Panel SCRUM	10 min
Rutina de pensamento: <i>see - think - ask.</i>	Aula creavisual	Equipos base	Material de escritura	10 min
<i>Mesa redonda</i>	Aula creavisual	Gran grupo	Imaxes de apoio das emocións	20 min
Bubble map: <i>"What do you do when you are afraid of something?"</i> . Empregaremos a estrutura cooperativa folio xiratorio.	Aula creavisual	Equipos base	Plantilla e material de escritura	15-20 min
Infografía: axuda para as nosas preocupacións. <i>What can we do?</i>	Aula creavisual	Equipos base	ordenadores	20-30 min
Panel SCRUM	Aula creavisual	Gran grupo e equipos base	Panel SCRUM	10 min
Conocemos a Frida Kahlo	Aula creavisual	Individual e equipos base	Ordenadores e material de escritura	20 min
<i>"What's happening?"</i> : Rutina de pensamento <i>see - think - ask</i>	Aula creavisual	Equipos base	Plantilla e material de escritura	10 min
A obra de Frida Kahlo	Aula creavisual	Equipos base e gran grupo	Ordenadores e material de escritura	20 min

Planificar o autorretrato. Boceto.	Aula creavisual	Equipos base	Material de debuxo.	30 min
Panel SCRUM: pasos elaboración monecas	Aula creavisual	Gran grupo e equipos base	Panel SCRUM	5 min
Elaborar un autorretrato con pintura	Aula creavisual	Individual	Pintura escolar cores primarias, cartón e pinceles.	3 horas
Panel SCRUM	Aula creavisual	Gran grupo e equipos base	Panel SCRUM	10 min
Realizar un tecido nun mini tear.	Aula creavisual	Gran grupo colaborativo	Cartón e la de distintas cores	20 min
Coñecer as muñecas quitapenas	Aula creavisual	Equipos base e gran grupo.	Ordenadores e material de escritura	15 min
Elaborar a súa propia boneca.	Aula creavisual	Individual	Materiais de reciclaxe: papel, la, cartón... Pegamento quente, fío...	3 horas

## 5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN
<b>ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO)</b>	Diario de sesión: rúbricas, lista de control e lista de cotexo	Observación sistemática
<b>PRÁCTICA DOCENTE</b>	Rúbrica de autoavaliación docente	Observación sistemática
<b>DESEÑO DA TAREFA</b>	Rúbrica de autoavaliación	Observación sistemática

## RÚBRICAS

CRITERIO DE AVALIACIÓN		4	3	2	1
<b>PLÁSTICA</b>	CA2.3. Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Prepara o material e deseña as producións plásticas.</li> <li>- Traballa de forma colaborativa.</li> <li>- Respecta a diversidade.</li> </ul>	Prepara os materiais e deseña as súas producións plásticas, traballa de forma colaborativa, respectando a diversidade.	Procura preparar os materiais e deseñar as súas producións plásticas, intenta traballar de forma colaborativa e trata de respectar a diversidade.	Cústalle preparar os materiais e deseñar as súas producións. Ás veces traballa de forma colaborativa tras indicacións para elo e con respecto da diversidade.	Ten dificultades para preparar os seus materiais. Non sempre traballa de forma colaborativa nin respectando a diversidade.
	CA2.6. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas	Respecta o proceso seguido	Procura ter unha actitude de	Cústalle ter unha actitude de	Ten dificultades para ter unha

<p>elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ten respecto durante as actividades co proceso seguido.</li> <li>- Ten un comportamento adecuado: actitude positiva e empática cos demais.</li> </ul>	<p>durante as actividades e ten un comportamento adecuado, cunha actitude positiva e empática coas ideas, sentimentos e emocións dos demais.</p>	<p>respecto durante as actividades. Intenta ter un comportamento adecuado e unha actitude positiva.</p>	<p>respecto co proceso seguido nas actividades. Ás veces ten un comportamento adecuado, seguindo indicacións.</p>	<p>actitude de respecto durante o proceso e non sempre ten un comportamento adecuado.</p>
<p>CA1.1. Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mostra curiosidade por descubrir novas propostas artísticas.</li> </ul>	<p>Ten motivación e unha gran curiosidade por descubrir novas propostas artísticas.</p>	<p>Procura ter unha actitude de curiosidade por descubrir novas propostas artísticas.</p>	<p>Cústalle ter unha actitude de curiosidade, precisa indicacións.</p>	<p>Non sempre mostra curiosidade por descubrir novas propostas artísticas.</p>
<p>CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Producir obras propias con actitude adecuada.</li> </ul>	<p>Ten unha actitude de curiosidade e interese durante a produción de obras propias.</p>	<p>Procura mostrar curiosidade e interese durante a produción de obras propias.</p>	<p>Cústalle mostrar interese durante a produción de obras propias.</p>	<p>Non sempre ten interese nas producións propias.</p>
<p>CA3.3. Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e</p>	<p>Ten una actitude axeitada para buscar información,</p>	<p>Procura ter una actitude axeitada para buscar información,</p>	<p>Cústalle ter unha actitude axeitada para buscar</p>	<p>Non sempre ten unha actitude axeitada para buscar</p>

	<p>medios de acceso, de forma individual e colaborativa.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura de información de maneira individual e colectiva.</li> </ul>	<p>individualmente e en grupo.</p>		<p>individualmente e en grupo</p>	<p>información, de forma individual.</p>	<p>información.</p>	
	<p>CA4.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Emprega o corpo como medio de expresión.</li> <li>- Emprega de forma axeitada medios dixitais</li> </ul>	<p>Sabe empregar o corpo como medio de expresión de emocións e emprega de forma axeitada, cos compañeiros/as, medios dixitais para rexistrar o produto. Ten curiosidade e confianza nas súas capacidades.</p>		<p>Adoita empregar o corpo como medio de expresión de emocións, e emprega medios dixitais para rexistrar o produto. Adoita ter curiosidade e confianza nas súas capacidades.</p>	<p>Cústalle empregar o corpo como medio de expresión de emocións. Emprega medios dixitais para rexistrar o produto final. Cústalle ter curiosidade e confianza nas súas capacidades.</p>	<p>Non sempre emprega o corpo como medio de expresión de emocións nin os medios dixitais para producir. Tampouco mostra curiosidade e confianza nas súas capacidades.</p>	
LGL	<p>CA2.4. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Participación activa</li> <li>- Respecto das normas de cortesía en intercambios orais: quendas de</li> </ul>	<p>Participa activamente nos intercambios orais, respecta as quendas de palabra, ten una escoita activa e comparte as súas ideas acorde ao seu</p>		<p>Procura ter una adecuada participación nos intercambios orais, respecta as quendas de palabra, e comparte as súas ideas.</p>	<p>Cústalle ter una participación activa (escoita e respecto das quendas con indicacións), comparte as súas ideas tras indicacións.</p>	<p>Ten dificultades para respectar as quendas de palabra, non sempre comparte as súas ideas.</p>	

	<p>palabra e escoita activa</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso dun vocabulario e secuencia axeitada ao nivel</li> </ul>	nivel.					
	<p>CA2.8. Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa e a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos e propondo solucións creativas</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Escoita activa.</li> <li>- Consenso na toma de decisións.</li> </ul>	<p>Ten unha actitude boa e escoita activamente as opinións dos e das demais, e sabe chegar a un acordo na toma de decisións.</p>	<p>Ten escoita activa nos intercambios e procura chegar a un acordo na toma de decisións.</p>	<p>Cústalle ter unha escoita activa nos intercambios e chega a un acordo con axuda e indicacións.</p>	<p>Ten dificultades para ter unha escoita activa e para chegar a un consenso.</p>		
<b>ENGLISH</b>	<p>CA1.6. Planificar e participar, en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e proximos a súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas e motivacións das e dos interlocutores.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Imitación das expresións empregadas.</li> <li>- Entoación e pronunciación.</li> <li>- Empatía coas producións dos compañeiros/as.</li> </ul>	<p>Imita as expresións empregadas e pronuncia cunha entoación correcta. É empático/a coas producións dos compañeiros/as.</p>	<p>Imita as expresións empregadas e procura empregar unha pronunciación correcta.</p>	<p>Cústalle imitar as expresións empregadas cunha pronunciación correcta.</p>	<p>Non sempre é capaz de imitar as expresións empregadas.</p>		

<p>CA1.1. Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como as palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento e interpretación do vocabulario traballado.</li> </ul>	<p>Recoñece, interpreta e emprega o vocabulario traballado.</p>	<p>Recoñece e interpreta o vocabulario traballado.</p>	<p>Cústalle recoñecer e interpretar o vocabulario traballado.</p>	<p>Non sempre é capaz de recoñecer o vocabulario traballado.</p>
---	---	--	---	--

## LISTA CONTROL DE FRECUENCIAS

	CRITERIO DE AVALIACIÓN	SI (1)	NON (0)	OBSERVACIÓNS
P.C.	<p>CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Secuencia</li> <li>- Temporaliza</li> </ul>			

## LISTA COTEXO

	CRITERIO DE AVALIACIÓN	SI (1)	NON (0)	OBSERVACIÓNS
MÚSICA	<p>CA1.5. Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identifica as manifestacións artísticas musicais.</li> <li>- Comparte sensacións.</li> </ul>			



<b>CCNN</b>	CA2.3. Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables e reflexionando sobre o uso adecuado de novas tecnoloxías e a xestión do tempo libre. - Cita accións que coñece para favorecer o benestar emocional. - Recoñece as emocións propias e dos demais.			
<b>CCSS</b>	CA1.3. Buscar, seleccionar e contrastar información de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo o léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. - Busca información. - Emprega a información buscada.			

## RÚBRICA DE AUTOAVALIACIÓN DOCENTE

<b>1. Planificación da actividade docente</b>	A (4)	B (3)	C (2)	D (1)
Os criterios de avaliación son obxectivos e claros.				
Teño planificadas medidas de atención á diversidade e ao ACNEAE.				
<b>2. Desenvolvemento da actividade docente.</b>	A (4)	B (3)	C (2)	D (1)
Nas actividades propostas, hai un emprego de diversidade de métodos e estratexias, incluíndo o emprego das TIC.				
Motivo ao alumnado e promovo o seu interese con recursos e estratexias didácticas.				
<b>3. Seguimento das aprendizaxes do alumnado e decisións adoptadas para favorecer a mellora destes e destas.</b>	A (4)	B (3)	C (2)	D (1)
Emprego procedementos e instrumentos de avaliación axeitados.				
Realizo un rexistro individualizado dos progresos e realizacións do alumnado.				
Teño en conta a atención á diversidade na avaliación do alumnado e realizo as actividades adecuadas a este.				
<b>4. Xestión da aula</b>	A (4)	B (3)	C (2)	D (1)

Planifico a miña actividade docente, preparo materiais e as propias actividades, organizo a aula...				
Promovo un ambiente de traballo que desenvolve actitudes de respecto e colaboración.				
Teño en conta as diversas capacidades de rendemento do alumnado e realizo actividades acordes a estas.				
<b>5. Deseño da tarefa</b>	A (4)	B (3)	C (2)	D (1)
Teño en conta as adaptacións ás necesidades do alumnado.				
Emprego rutinas de pensamento en todas as sesións.				
Emprego estruturas de aprendizaxe cooperativo en todas as sesións.				
Inclúo variedade recursos materiais e humanos para lograr os obxectivos propostos.				